



PROGRAMA DE ESTÍMULO Á **TRANSFERENCIA** DE COÑECEMENTO

EN CIENCIAS SOCIAIS, HUMANAS, XURÍDICAS E ARTÍSTICAS



avte 
Área de Valorización,
Transferencia e Emprendemento

índice

Por que un Programa de Transferencia en Ciencias Sociais Humanas, Xurídicas, e Artísticas?	4
Que tipo de proxectos se financian?	5
1. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE	6
2. BENEFICIARIOS	7
3. ORZAMENTO	7
4. GASTOS ELEXIBLES	7
5. GASTOS NON ELEXIBLES	7
5. DURACIÓN DO PROXECTOS	7
Documentación obrigatoria para a presentación da candidatura	8
Selección de proxectos a presentar ante o comité de avaliación	9
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	10
Axenda prevista	11
Que é a AVTE?	12

A investigación en **Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas** é xeradora de coñecemento con potencial de cambio social e desenvolvemento económico.

Este programa ten por obxecto **estimular os procesos de transferencia de coñecemento** á sociedade a través de accións que faciliten a implicación doutros axentes sociais e económicos no uso e rendibilización dese stock de coñecemento.

Por que un Programa de Transferencia en Ciencias Sociais Humanas, Xurídicas, e Artísticas?

A transferencia de coñecemento dende a universidade ao entorno económico e social ten unha considerable traxectoria no ámbito das Ciencias Experimentais e as Tecnolóxicas. Pero, a pesar da falta de programas específicos de transferencia nas áreas de Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas, e Artísticas, **cada día ponse máis de manifesto o potencial de transferencia destas disciplinas.**

Estas áreas son xeradoras de coñecemento que a través dos programas adecuados pode dar lugar a **resultados transferibles a empresas ou entidades públicas, e a creación de novas empresas ou entidades baseadas nese coñecemento.**


Estas relacións de colaboración poden xerar novas actividades económicas e ter un impacto social moi relevante. A importante produción científica de moitos grupos de investigación

destas áreas permite intuír a existencia de oportunidades sen explorar para que os investigadores das áreas de ciencias sociais, xurídicas, artísticas e humanas poidan **transferir os resultados das súas investigacións ás empresas e entidades externas** ao entorno académico.

Ademais, a necesidade dun contrapunto e complemento, social e humanista, para moitos desenvolvementos actuais das ciencias experimentais, fai a súa achega imprescindible para os complexos cambios que se están a vivir na actualidade.

As Áreas de Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas requiren procesos de valorización e transferencia dos resultados de investigación que teñan en consideración as súas especificidades, e aborden a tarefa con dinámicas propias e características diferenciais.

Que tipo de proxectos se financian?



O obxecto deste programa é **identificar e cofinanciar proxectos cuxas actividades activen ou avancen na transferencia de coñecemento** de resultados de investigación da USC en áreas de CCSSHH.

Entenderase por transferencia de coñecemento aquelas actividades que permitan **integrar o coñecemento na cadea de valor de empresas, entidades públicas, ou outro tipo de organizacións que xeren un impacto social e/ou económico.**

Non se consideran proxectos de transferencia de coñecemento a efectos desta convocatoria aqueles dirixidos a transmisión ou divulgación de coñecemento científico, ou programas de sensibilización de persoas ou colectivos.

1. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE

Para poder concorrer a esta convocatoria, os proxectos presentados deberan **cumprir unha serie de requisitos**:

- ▶ Debese contar cunha **traxectoria previa de Investigación** que a través do financiamento público ou privado de proxectos de I+D+i teña xerado novo coñecemento, metodoloxías de traballo ou calquera outro resultado novidosos e con potencial de aplicación.
- ▶ Que exista unha **oportunidade de aplicación económica e/ou social** dese novo coñecemento que aborde unha necesidade identificada que estea aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, incluíndo a perspectiva de xénero.
- ▶ Describir de forma precisa as **tarefas a realizar** na execución do proxecto.
- ▶ **Identificar elementos críticos que**, de ser traballados, **permitan activar o proceso de transferencia** e que sexan abordables co importe máximo asignado a cada proxecto nesta convocatoria.
- ▶ Identificar un **potencial destinatario ou colaborador no proceso de transferencia** que estea disposto a asumir compromisos para que estes resultados poidan ter aplicación. Poderán ser tanto empresas como entidades públicas ou privadas, en calquera ámbito de actividade.
- ▶ O **orçamento solicitado debe ser acorde coas actividades e obxectivos propostos** no proxecto presentado.

2. BENEFICIARIOS

Persoal investigador e grupos de investigación das áreas de Ciencias Sociais, Humanas, Xurídicas e Artísticas da USC

3. ORZAMENTO

O **importe máximo** destinado a este programa será de 75.000€.

Cada un dos proxectos seleccionados polo Comité de Avaliación contará cunha **financiación máxima de 20.000€**.

Tendo en conta que **non necesariamente ten que alcanzar os 20.000€**, xa que en caso de non xustificalos ben, terán que ser devoltos.

4. GASTOS ELEXIBLES

- Contratación de servizos externos
- Material funxible
- Viaxes e dietas
- Gastos de persoal

Todos estes gastos **deben estar xustificadas e claramente asociados á execución do proxecto**.

5. GASTOS NON ELEXIBLES

- Gastos asociados a publicacións de carácter científico
- Asistencia a reunións ou congresos científicos
- Gastos protocolarios
- Gastos asociados á transmisión ou divulgación do coñecemento.

6. DURACIÓN DO PROXECTOS

Os proxectos deberán executarse nun prazo comprendido **entre os 3 e os 8 meses**

Documentación obrigatoria para a presentación da candidatura

Título e acrónimo	Nome da persoa investigadora / coordinadora do proxecto	Grupo/s de investigación	Departamento/s ou Instituto/s	Técnico de Transferencia da AVTE asinado	Resumo executivo (máximo 400 palabras)
-------------------	---	--------------------------	-------------------------------	--	--

Desenvolvemento do proxecto
(extensión recomendada 200 palabras por apartado, 1800 palabras en total):

- ▶ Descrición do resultado de investigación do que se parte (proxectos financiados, publicacións, teses...)
- ▶ Descrición das tarefas a realizar no proxecto e xustificación da súa necesidade para activar o proceso de transferencia.
- ▶ Elementos críticos que se consideran imprescindibles para activar o proceso de transferencia.
- ▶ Relevancia da necesidade que se pretende satisfacer. Contextualización da problemática social e/ou económica existente que se pretende resolver co proxecto.
- ▶ Grao de novidade e vantaxes que aporta a solución proposta: Innovación respecto aos produtos ou servizos dispoñibles actualmente.
- ▶ Tempo estimado entre a finalización do proxectos e a transferencia á entidade que o vaia a utilizar.
- ▶ Adecuación das empresas ou entidades que se teñan identificados como colaboradoras (relevancia do seu papel no proceso). Grao de compromiso das entidades colaboradoras entendidas como recursos achegados ao proceso e capacidade de asinar o contrato para a implantación da solución proposta. Achegarase unha carta de compromiso da entidade a transferir o resultado de investigación.
- ▶ Impacto social e/ou económico. Cuantificar, na medida do posible, o impacto económico e/ou social a través de distintos indicadores resultados esperados.
- ▶ Orzamento detallado e xustificado que pode incluír presuposto de posibles empresas provedoras.

Selección de proxectos a presentar ante o comité de avaliación

Convocarase un **comité de avaliación** que estará formado por **persoal externo á USC**, tanto de entidades públicas coma privadas, cunha traxectoria recoñecida nas áreas ou sectores relacionados cos ámbitos da convocatoria.

A dirección da AVTE formará parte do Comité, con voz pero sen voto.

Todos os proxectos que cumpran os criterios de elixibilidade pasarán por un proceso conformado por **dúas fases**:

Fase 1:

Preselección por parte do comité de avaliación, segundo a documentación aportada. O listado será publicado no taboleiro da USC.

Fase 2:

Defensa oral dos 10 proxectos que acadaran unha maior puntuación na primeira fase, sempre e cando a puntuación obtida supere os 50 puntos. que seleccionará os que recibirán financiamento, así como o importe da mesma e os gastos a financiar no caso de que non se conceda a totalidade do orzamento solicitado, cun máximo de 20.000€ por proxecto

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Grao de desenvolvemento do resultado de investigación a transferir	Descrición do proxecto e tarefas a realizar	Grao de novidade e vantaxes que aporta a solución proposta	Adecuación do orzamento solicitado ás características do proxecto
Número de proxectos previos e traxectoria na temática que se pretende transferir.	Claridade na identificación das tarefas e impacto previsto na activación da transferencia.	Innovación respecto aos produtos ou servizos dispoñibles actualmente.	Detalle e xustificación da necesidade dos gastos.
(máximo 10 puntos)	(máximo 10 puntos)	(máximo 15 puntos)	(máximo 10 puntos)
Tempo estimado entre a finalización do proxecto e a implementación da solución	Grao de compromiso das entidades colaboradoras	Impacto social e/ou económico previsto	Composición do equipo
Canto se tardará en que a solución sexa utilizada pola entidade destinataria.	Avaliado a través da carta asinada e o compromiso de recursos e participación na implantación.	Cuantificación de beneficios esperados mediante indicadores.	Tarefas que realizará cada membro do equipo no proxecto e importancia destas tarefas para acadar os resultados previstos no proxecto.
(máximo 10 puntos)	(máximo 15 puntos)	(máximo 20 puntos)	(máximo 10 puntos)

Axenda prevista



Que é a AVTE?

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento é o servizo, dependente da reitoría da USC, encargado da **xestión integral do proceso de transferencia de resultados de investigación, a creación de empresas e a promoción do emprendemento**.

O seu obxectivo é conseguir que **os resultados de investigación** xerados nos departamentos e centros da USC **teñan** non só **utilidade académica**, se non tamén un **impacto económico e social**.

A AVTE dá servizo a toda a **comunidade universitaria e as entidades e empresas** interesadas en incorporar os resultados de investigación no seus procesos de innovación.

Papel da AVTE neste programa

Os proxectos contarán dende o primeiro momento co **acompañamento e asesoramento do persoal técnico da AVTE** para contribuír a unha adecuada orientación das candidaturas.

No caso de que a proposta non sexa adecuada para este programa de estímulo a Transferencia, a AVTE tratará de **orientar aos grupos de investigación na busca de alternativas** para financiar proxectos de valorización e transferencia.

A AVTE participará tamén no **seguimento dos proxectos**, unha vez sexan aprobados para a súa financiación, e implicarase nos procesos derivados da **finalización exitosa** dos mesmos, facilitando a sinatura de acordos ou convenios que fagan posible a aplicación social e económica do coñecemento transferido.

A convocatoria publicarase no **Taboleiro Electrónico da USC** e, así mesmo, estará dispoñible na web da AVTE.

CONFIDENCIALIDADE

A AVTE da Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos aportados polas candidaturas presentadas. En calquera caso, poderanse difundir características xerais e no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integrantes do equipo promotor.